

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36006353	CEIP de Vilaverde-Mourete	Pontevedra	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	5º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	4
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	15
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	16
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	18
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	19
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	20
9. Outros apartados	20

1. Introducción

A Educación Plástica e Visual é un medio excelente para comprender e transmitir a cultura e as ideas e deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

No noso centro, Plástica neste nivel impártese de xeito bilingüe, en galego e en inglés, dado que participamos no Proxecto de Seccións Bilingües nesta materia. Polo tanto ademais das finalidades anteriormente expostas relativas a Educación Plástica e Visual, inclúese como obxectivos engadidos:

- Mellorar a competencia lingüística e comunicativa na lingua inglesa do alumnado que participa neste proxecto.
- Recoñecer o seu uso como vehículo de comunicación dentro da aula noutra materia diferente á de lingua estranxeira.
- Adquirir vocabulario específico da materia de Plástica en lingua inglesa e usalo na aula.

É importante que o alumnado descubra as súas posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa e fomentar a espontaneidade e a desinhibición, aproveitando a motivación que provoca no alumnado.

Esta programación está deseñada para a alumnado de 5º de Educación Primaria, 49 nenas e nenos repartidas e repartidos en dúas aulas. Está planificada de xeito que 3 UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

A partires do mes de Outubro e ata o mes de Maio contaremos cun auxiliar de conversa, de nacionalidade escocesa, que estará na sesión semanal da materia de Plástica.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A LINGUAXE PLÁSTICA	Nesta unidade afondarase nos tipos de imaxes, p punto, a liña e a cor. Traballaránse as conmemoracións deste trimestre, particularmente Samaín.	30	10	X		
2	NADAL / CHRISTMAS	Elaboración de postais de Nadal, seguindo a técnica dunha pintora ou dun pintor aínda por determinar.	10	3	X		
3	O PROCESO CREATIVO	Traballarase o plano, a simetría, as proporcións e as texturas. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da muller.	30	11		X	
4	O DEBUXO XEOMÉTRICO	A xeometría- O Día das Artes Galegas e o Día das Letras Galegas.	30	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A LINGUAXE PLÁSTICA	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Distingue os diferentes tipos de imaxes e a súa finalidade.	TI	100
CA1.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación plástica e visual, empregando o vocabulario específico destas.	Identifica as cores, a súa clasificación e as súas posibilidades expresivas.		
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Recoñece os diferentes elementos presentes nas producións plásticas, con especial atención á cor e as súas posibilidades estéticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Analiza as posibilidades estéticas do punto, a liña e a cor.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Recoñece as posibilidades estéticas dos diferentes tipos de imaxes.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Producir obras propias básicas mostrando confianza nas capacidades propias.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Combina e analiza os elementos da linguaxe plástica para utilizalas correctamente nas composicións individuais e grupais.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Emprega as tecnoloxías para a busca de material para a elaboración de traballos individuais e grupais.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as obras de arte e os seus procesos creativos.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas ,con autonomía e iniciativa transmitindo as súas emocións e vivencias .		
CA4.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas audiovisuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Produce obras propias básicas con creatividade e orixinalidade.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa para a elaboración de traballos grupais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual: técnicas e estratexias de lectura, análise e interpretación da intención comunicativa. Valoración desde unha perspectiva de xénero. - Elementos configurativos da linguaxe visual e as súas posibilidades expresivas: punto; liña grosa, fina, continua e descontinua; plano; textura; cor. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Recursos dixitais de uso común para as artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Experimentación e expresión a través de medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual, incluídos os formatos artísticos contemporáneos. Elaboración de imaxes novas a partir dos coñecementos adquiridos. Técnicas bidimensionais e tridimensionais - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Recursos dixitais de uso común para as artes audiovisuais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Características da linguaxe audiovisual multimodal. - Aproximación ás ferramentas e ás técnicas básicas de animación. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
2	NADAL / CHRISTMAS	3

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece a vida e obra da pintora ou pintor elixida ou elixido.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece as características fundamentais da pintura da pintora ou pintor elixida -a.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora a obra e os procesos creativos da pintora ou pintor..		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realizar postais de Nadal, baseándose na obra dooou da artista elixida ou elixida.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, seguindo o estilo da/do artista elexida/elexido.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Analiza os elementos da pintura da/do artista elexida/do de cara a realización de actividades individuais ou grupais.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa e comunica, con autonomía e iniciativa, emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.1 - Distinguir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica as características fundamentais da pintura da pintura ou pintor elexido..		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Emprega as tecnoloxías para a busca de material cara a elaboración de materiais individuais e grupais.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as obras de arte e os seus procesos creativos.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias amosando creatividade e orixinalidade.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa para a elaboración de traballos grupais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias de procura, filtrado e valoración. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas. - Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
3	O PROCESO CREATIVO	11

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece e reconece os diferentes tipos de texturas.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Identifica as proporcións e a simetría en producións plásticas.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Analiza e compara as posibilidades de materiais, texturas, formas e cores nos traballos artísticos.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias coas dimensión e proporcións axeitadas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Realiza unha produción plástica propia relacionada co autor homenaxeado no Día das Artes Galegas.		
CA2.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas plásticas e visuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa para a elaboración de traballos grupais.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Analiza as proporcións, as texturas e todos os elementos dunha obra de arte para utilizalas en creacións individuais ou grupais.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Describir manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, explorando as súas características con interese, establecendo relacións básicas entre elas, valorando a diversidade que as xera, así como as principais profesións vinculadas á creación e interpretación audiovisual, e empregando o vocabulario específico destas.	Distingue o tema ou xénero de obras plásticas e audiovisuais.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Emprega as tecnoloxías para a busca de material cara a elaboración de materiais individuais ou grupais.		
CA3.4 - Comparar o significado e os elementos característicos de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, analizando as canles, medios e técnicas vinculados a elas, así como as súas diferenzas e similitudes, e desenvolvendo criterios de valoración propios.	Coñece a evolución da fotografía, do branco e negro á cor, do formato papel ao dixital e valora as posibilidades que ofrece a tecnoloxía.		
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Emprega as tecnoloxías para realizar actividades sinxelas relacionadas cos seus intereses.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza debuxos simétricos a partir dun eixe de simetría.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Emprega as tecnoloxías para documentarse sobre o contexto cultural e artístico e sobre a busca de material para a elaboración de traballos grupais.		
CA4.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas audiovisuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual e diferentes técnicas artísticas.	Participa nas actividades propostas con interese e colaboración.		
CA4.5 - Compartir os proxectos creativos audiovisuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa emocións e vivencias a través das súas propias creacións audiovisuais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Estratexias de recepción activa.
- Profesións vinculadas cos ámbitos artísticos plástico e visual. Coñecemento e valoración.
- Materiais, instrumentos, soportes e técnicas de maior uso na expresión plástica e visual.
- Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual.
- Fases do proceso creativo: planificación, interpretación, experimentación e avaliación. Equilibrio e axuste entre deseño, proceso e produto.
- Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais.
- Utilización de técnicas, materiais e recursos informáticos e tecnolóxicos: a súa aplicación para a captura, creación, manipulación e difusión de producións plásticas e visuais.
- Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais.
- Profesións vinculadas ao ámbito cinematográfico e audiovisual. Coñecemento e valoración.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Vocabulario específico nas artes audiovisuais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Producións audiovisuais: iniciación á planificación das diferentes fases e roles do proceso creativo. Traballo colaborativo e importancia do proceso nos principais xéneros e formatos.
- Producións multimodais: realización con diversas ferramentas.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

UD	Título da UD	Duración
4	O DEBUXO XEOMÉTRICO	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Distinguir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Coñece as posibilidades da perspectiva nas producións plásticas.	TI	100
CA1.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Coñece e identifica os principais corpos xeométricos e analiza as súas posibilidades estéticas.		
CA1.5 - Valorar as sensacións e emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Recoñe as posibilidades estéticas da arte óptica.		
CA1.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta e valora as producións artísticas nas súas diferentes variedades.		
CA2.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Realiza unha produción plástica propia relacionada co autor homenaxeado no Día das Letras Galegas.		
CA2.2 - Expresar con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de diversas manifestacións artísticas plásticas e visuais, utilizando as diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance, mostrando confianza nas propias capacidades e perfeccionando a execución.	Expresa con creatividade ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas, plásticas e visuais empregando a xeometría.		
CA2.4 - Participar no proceso cooperativo de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, de forma creativa, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual e diferentes técnicas artísticas.	Combina os deseños xeométricos para utilízalos correctamente nas composicións individuais ou grupais.		
CA2.5 - Compartir os proxectos creativos plásticos e visuais, empregando diferentes estratexias comunicativas a través de diversos medios e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Expresa emocións e vivencias a través das súas propias creacións.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as obras de arte nas súas diversas manifestacións.		
CA3.3 - Seleccionar e aplicar estratexias para a procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a través de diversas canles e medios de acceso, de forma individual e colaborativa.	Emprega as tecnoloxías para a busca de material para a elaboración de traballos individuais e grupais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Valorar as sensacións e as emocións producidas por diferentes manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, a partir da análise e da comprensión das devanditas manifestacións.	Valora as obras de arte e os seus procesos creativos.		
CA3.6 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Recoñece o significado do consentimento da difusión de imaxes, respectando as decisións doutras persoas.		
CA4.1 - Producir obras propias básicas utilizando as posibilidades expresivas do corpo, a imaxe, o son e os medios dixitais básicos e mostrando confianza nas capacidades propias.	Produce obras propias básicas amosando creatividade e orixinalidade.		
CA4.3 - Planificar e deseñar producións culturais e artísticas audiovisuais colectivas, traballando de forma cooperativa na consecución dun resultado final que cumpra cuns obxectivos acordados e asumindo diferentes roles, desde a igualdade e o respecto á diversidade.	Traballa de forma cooperativa para a elaboración de actividades grupais.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta os diferentes tipos de culturas e propostas artísticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias de recepción activa. - Profundización no ensino técnico do debuxo. Introducción á comprensión da xeometría a partir da liña recta. Posibilidades expresivas e comunicativas. - Vocabulario específico nas artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais. - Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero. - Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Representación, de forma persoal, de ideas, accións e situacións valéndose dos elementos que configuran a linguaxe visual. - Iniciación ao debuxo xeométrico. Verbalización da intención expresiva. Terminoloxía básica específica da área. - Avaliación, interese e valoración, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Aproximación ao uso responsable de bancos de imaxes e sons. Coñecemento e respecto polas licenzas de uso e distribución de contidos xerados por outros. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. O cinema: orixe e evolución. Espazos culturais e artísticos do ámbito audiovisual. Comunicación e valoración do contido informativo que as imaxes proporcionan, desde unha

Contidos

- perspectiva de xénero.
- Nocións elementais sobre formatos audiovisuais: imaxe fixa e en movemento. Ficción e non ficción. Animación.
- Estratexias de procura, filtrado e valoración.
- Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais, nacionais e internacionais.
- Estratexias básicas de análises de propostas artísticas desde unha perspectiva de xénero.
- Normas de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas cinematográficas e audiovisuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción.
- Rexistro e edición de elementos audiovisuais (imaxe e audio): conceptos, tecnoloxías, técnicas e recursos elementais de manexo sinxelo.
- Estratexias e técnicas de composición de historias sinxelas, de maneira individual e grupal, con intención comunicativa e expresiva, para ser recreadas, narradas e gravadas.
- Creación, experimentación e difusión de mensaxes audiovisuais: procesos técnicos, respecto á integridade das persoas e aos dereitos de autor.
- Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Buscaráse o desenvolvemento da expresividade e a creatividade na produción de obras ou traballos por parte do alumnado, que serán expostos en espazos comúns do centro. Ademais, impulsarase a imaxinación, a autonomía, a percepción, a motricidade, a sensibilidade estética, a expresión persoal, a capacidade comunicativa e a socialización. Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena.

As características fundamentais da metodoloxía son:

- Aprendizaxes dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs ,portátiles ...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital
Ordenador: con diferentes aplicacións e programas de software libre (Plan Dixital)

Altosfalantes
Pinceis e témperas ,ceras, rotuladores, lapis de cores, pegamento e tesoiras
Bloc de debuxo e cartolinas
Páxina web do centro: sección Aula de EPV/Aula Virtual
Estoxo
Regra, escuadro e cartabón
Pasta de modelaxe

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste nivel é o Laboratorio e a aula de inglés da planta baixa. Ambas estancias con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades.

Os materiais a empregar serán primeiramente os de uso cotiá e que xa teñen como obxectos comúns na aula(lápiz, rotuladores, pegamentos, tesoiras, ceras, regra, cartabón, escuadra, compás e tamén outros materiais que están dentro da aula....) e tamén xornais ou revistas para facer recortes, papel de diferentes texturas(papel charol, papel cebola, cartulina...), etc. Tamén se usarán materiais reais sacados do entorno, como follas secas ou materiais de refugallo como rolos de cartón de papel de cociña ou obxectos comúns nas casas como botóns, paliños ou cachos de tela.

O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

De cando en vez, reproducirán algún cadro , axeitado ás súas destrezas, dalgún/dalgunha pintor/a para que se vaian familiarizando cos nomes de pintores e pintoras e coñezan algunha das súas obras .Particularmente,profundizaráse na vida , obra e técnica de artistas galegos/galegas e dos homenaxeados/homenaxeadas o Día das Artes Galegas.

Aproveitaráse esta materia tamén para facer actividades relacionadas coas conmemoracións celebradas no centro así como tamén tentarase participar nos distintos Proxectos que vaian xurdindo, tanto de centro como de nivel, ao longo do curso escolar.

Non hai libro de texto para contribuir a que os rapaces e as rapazas asocien esta materia con algo lúdico, espontáneo e aberto.

Os materiais para explicar e/ou practicar os contidos serán os que ten o alumnado nos temas da materia na plataforma Edixgal e os proporcionados pola profesora que imparte a materia ben elaborados por ela mesma, coa colaboración da auxiliar de conversa ,ou ben por recopilación de distintos recursos a través de diferentes editorias, páxinas web, Repositorio Abalar,...

O alumnado participa no proxecto Edixgal da Consellería , polo que cada neno e cada nena teñen un portátil para busca de información e para realización de traballos de xeito dixital.

Dende o mes de outubro ata maio contaremos co apoio dun auxiliar de conversa nas sesións da materia, que reforzará o uso da lingua estranxeira dentro da aula xa que impártese de xeito bilingüe en galego e en inglés.

A páxina web do centro e a sección desta materia no blog servirá para amosar os traballos feitos polo alumnado ao longo do curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisaránse os informes individualizados do alumnado, que se complementarán coa información por parte do profesorado do curso anterior.

Nas primeiras semanas do inicio do curso realizarase unha proba a modo de avaliación inicial que consistirá na realización dun debuxo persoal que permita establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado,comunicaránse as posibles dificultades atopadas, especialmente das que precisen persoal docente adicional e/ou solicitude ao DO.

Dado que a materia impártese de xeito bilingüe, traballarase coordinadamente coa mestra que imparte neste nivel Lingua Inglesa, co obxectivo de acadar uns mellores resultados.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	30	10	30	30	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A cualificación nesta materia basearase na análise das producións plásticas do alumnado que deberá entregar en cada avaliación. Valoraranse os seus resultados tendo en conta a súa avaliación inicial.

Haberá unha data límite para a entrega de tarefas que será comunicada con antelación por parte da mestra que imparte a materia e non se calificarán tarefas entregadas despois desa data.

A entrega das tarefas a realizar durante o trimestre, a presentación, o esforzo e a actitude manifestados cara a materia serán tidos en conta. O alumnado deberá ter, traer e facerse responsable do seu material e a limpeza deste.

Para acadar unha avaliación final positiva na materia, o alumnado deberá ter superada cada unha das tres avaliacións do curso escolar.

A cualificación final obterase da media aritmética da nota de cada un dos trimestres.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. Se algunha nena ou algún neno non obtivera avaliación positiva nalgunha avaliación por non entregar as tarefas propostas, tería que facer as láminas pendentes ou as que o profesorado lle indique, correspondentes á unidade didáctica do trimestre non superada, para acadar unha cualificación positiva.

Esto comunicaráse á familia, mediante a axenda do alumnado e/ou a través do Abalar, así como do xeito de como pode recuperar dita avaliación.

Se a avaliación positiva non fora acadada trimestralmente, podería ser obtida de cara á avaliación final.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicarase o Plan de atención á diversidade do centro que ten como obxectivo adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades do alumnado, xa que non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo.

Tal como se establece na normativa vixente, prestarase especial atención durante a etapa á atención personalizada dos alumnos e alumnas, á realización de diagnósticos precoces e ao establecemento de mecanismos de reforzo que deberán poñerse en práctica tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe e que poderán ser tanto organizativos coma curriculares.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.1 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4
ET.2 - Convivencia respetuosa e inclusiva	X	X	X	X
ET.3 - Resolución pacífica de conflitos	X	X	X	X
ET.4 - Valores democráticos	X	X	X	X
ET.5 - Consumo responsable	X	X	X	X

Observacións:

Na práctica docente diaria así como en tódalas actividades levadas a cabo dentro da aula, promoveranse actitudes tolerantes, de resolución de conflitos, respecto á diversidade das diferenzas, igualdade entre os sexos, os dereitos humanos e os dereitos das nenas e dos nenos, a educación para o consumo responsable, a saúde, o coidado do planeta....

A nivel de centro, verticalmente, durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as conmemoracións que a continuación se detallan. Dende a materia de Plástica tamén se participará nestas actividades de centro.

Día Contra a violencia de xénero. (25 novembro)

Día da Paz (30 xaneiro)

Día Internacional da muller e da nena na ciencia (11 febreiro)

Día da muller traballadora/Día internacional da muller (8 marzo)

Semana da Prensa (4-8 marzo)

Día do libro (23 abril)

Semana das Letras Galegas (maio)

Día Mundial do Medio Ambiente (5 xuño)

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, aula, espazos comúns...	X	X	X
Proxectos de aula e de centro.	Traballaránse diferentes proxectos, tanto de nivel como de centro, con actividades adaptadas ao nivel do alumnado.	X	X	X
Conmemoracións anuais.	Traballaránse as festividades anuais tanto as comúns a todo o centro como as específicas da lingua inglesa.	X	X	X

Observacións:

Tentarase complementar o currículo da materia con algunha actividade, como visitas dalgún pintor ou dalgunha pintora ao centro ou visitas do alumnado a museos ou exposicións.

Fariase durante o horario escolar para posibilitar que todo o alumnado poidese asistir sen ter problemas de desprazamento.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Proporciono estratexias e ferramentas para que as alumnas e os alumnos descubran os contidos.
Lévase rexistro da observación sistemática.
Adapto os instrumentos de avaliación necesarios e diversifícoos.
Metodoloxía empregada
Fago unha avaliación inicial ao principio de curso.
Propoño plan de traballo para cada unidade.
Relaciono contidos e actividades cos coñecementos previos.
Comunico a finalidade, importancia e aplicación na vida real das aprendizaxes.
Cando a motivación decae propoño actividades divertidas e curiosas.
Obsérvanse as actividades dos alumnos.
Informo ao alumnado de como o vou avaliar.
Establécense actividades de ampliación, enriquecemento e/ou reforzo.
Fanse valoracións das exposicións orais.
Fanse valoracións dos traballos escritos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Tense en conta a existencia de probas doutras materias para colocar a da propia.
Medidas de atención á diversidade
Teño en conta o nivel de habilidades dos alumnos e das alumnas e, en función del adapto o proceso de ensino-aprendizaxe.
Analízanse traballos realizados de xeito individual e en grupo.
Clima de traballo na aula
Aproveito o interese do alumnado por un tema determinado para utilizalo como centro de interese.
Manteño o interese do alumnado.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realízase unha coordinación ao inicio de curso entre o profesorado do grupos.
Dou información dos progresos e das dificultades atopadas.
Procuo unha coordinación horizontal e vertical axeitada.
Son accesible ás familias.

Descrición:

En liñas xerais, farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro; analizando os resultados académicos acadados polo alumnado, veráse se é preciso voltar ou non sobre os contidos, revisar a adecuación da metodoloxía nun determinado grupo, deseñar estratexias para incentivar a motivación do alumnado e a participación activa nas actividades diarias da aula ou calquera outra variación que se manifeste necesaria.

O obxectivo primordial da actividade do auxiliar de conversa é lograr que o alumnado adquira a suficiente competencia lingüística en inglés para entender e comunicarse cos compañeiros e compañeiras e coa profesora e tamén coa auxiliar de xeito oral empregando vocabulario e estruturas axeitadas á súa idade e nivel .O logro deste obxectivo será observado de modo continuado e a súa avaliación farase tendo en conta a melloría dos nenos e nenas na comunicación oral tanto á hora de entender como de producir mensaxes na lingua inglesa.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Nesta revisión prestaráse atención ao grao de cumprimento con carácter xeral dos indicadores de logro , á análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado, á revisión das necesidades de atención educativa.... e analizando todos eses datos, faráanse as propostas de mellora que cumpran.

Esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados